

## ACTA DA XUNTA DE COMPRAS

Sendo as 13:00 horas do día **10 de outubro de 2014**, no Salón de Comisións, sito na 3ª planta do Centro de Servizos Municipais, reúnese a Xunta de Compras, en sesión ordinaria, coa asistencia dos seguintes membros:

- Presidenta, dona Rosana Rielo Rozas
- Polo Grupo Municipal Socialista: dona Esther Muñoz Mella
- Polo Grupo Municipal do BNG: dona Cristina Ferreiro López
- Pola Concellería de Infraestructuras e Zona Rural: don Manuel Enrique Chaín Fernández.
- Polo Grupo Municipal do PP: don Juan Carlos Plaza
- Pola Intervención Xeral: don Marcial Rodríguez Toajas
- Pola Asesoría Xurídica: dona Ana I. Sáez Mancebo
- Polo Servizo de Contratación: don Manuel Louzao Aldariz, actuando como Secretario.

### **1.- Aprobación e sinatura, se procede, da acta da sesión do día 3 de outubro de 2014.**

Procedeuse a súa aprobación e sinatura.

### **2.- Propostas para ditame e valoración:**

#### **- De Cemiterio**

- Para coidado e mantemento de aspecto exterior e entorno no recinto do cemiterio municipal, por importe de 2.218,26 euros, adxudicado a favor da empresa **VIVEROS Y JARDINERÍA- TU JARDÍN GARCÍA DÍAZ, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### **- De Alcaldía**

- Para inserción de publicidade nunha tribuna do concurso hípico a celebrar en Lugo durante o día 10 de outubro e denominación de un dos premios como "San Froilán" con difusión a nivel nacional en todos os medios de comunicación, por importe de 3.000,80 euros, adxudicado a favor da empresa **CABALOSPORT, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

#### **- De Parque Infantil de tráfico**

## **CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO**

MLA/cbg

Refª: acta 10-10-14.doc

Asunto:

- Para reparación e mantemento de pistas e edificio do PIT, por importe de 3.168,65 euros, adxudicado a favor da empresa **SOLUCIÓN INTELIXENTES PROFESIONAIS, S.L.**

Esta proposta foi ditaminada favorablemente.

### **3. Facturas para ditame**

### **4.- Rogos e preguntas**

Non habendo máis asuntos que tratar péchase a sesión ás 13:30 horas do día sinalado no encabezamento.